

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 02.02.2017 Hora: 16:00

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de febreiro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas orais en Comisión

- 1 2665 (10/POC-000347)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a valoración e as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coa vertedura de gasóleo na ría de Corcubión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

- 2 2682 (10/POC-000354)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre os departamentos autonómicos que formaron parte da comisión encargada da revisión do Plan Camgal, as novidades incorporadas ao proceso de actualización e as medidas de prevención e actuación ante un episodio de contaminación mariña accidental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

- 3 2810 (10/POC-000411)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para facilitar a navegación na entrada e saída dos peiraos e mellorar a seguridade das embarcacións e dos seus tripulantes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

- 4 3079 (10/POC-000494)
Grupo Parlamentario de En Marea
Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a relación de zonas C que vai recuperar o Goberno galego para o marisqueo, o calendario que está a valorar para ese fin e o estado de elaboración no que se atopan os estudos e informes necesarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

25 XAN. 2017

Núm. 1140

- 5 3213 (10/POC-000527)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
 Sobre os datos referidos aos cursos de formación para a obtención do
 permex realizados na Costa da Morte nos anos 2015 e 2016, así como os
 previstos para o ano 2017
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2017

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 25/01/2017 14:16:01

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Francisco Casal Vidal

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

P

José Alberto Pazos Couñago

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 02.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 02.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 2665(10/POC-000347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a valoración e as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coa vertedura de gasóleo na ría de Corcubión

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 17:17
Nº Rexistro: 2665
Data envío: 27/12/2016 17:17:14.883

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.**

Durante a fin de semana do 16 ao 18 decembro tivo lugar na ría de Corcubión, principalmente na zona próxima a Quenxe, un vertido estimado entre uns 3.000 e 4.000 litros de gasoil que pode ter a súa orixe de procedencia nunha caldeira do CEIP “Praia de Quenxe”.

Este vertido persistiu na auga da ría durante varios días interrompendo, de feito, a actividade marisqueira, ó considerar o colectivo profesional de mergulladores que alí traballan que o cheiro e as condicións da auga non eran adecuados por este episodio de contaminación.

Cabe recordar que a ría de Corcubión está exposta a continuados problemas e accidentes deste tipo con e polas deficiencias no tratamento de depuración das augas que finalmente chegan ao mar.

Que estes episodios reiterados afectan a calidade das augas da ría e, polo tanto, repercuten negativamente no desexable equilibrio ambiental da ría.

Todo isto afecta, polo tanto, ó seu potencial marisqueiro e dana as subzonas de explotación denominadas “Quenxe (CM-066), Fornelos (CM-067), e Brens (CM 068-1 e 2) para o plan PE403A 2015/60-1 de aproveitamento de navalla e longueirón, e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 17:17
Nº Rexistro: 2665
Data envío: 27/12/2016 17:17:14.883

PE403A 201/65-1 de moluscos bivalvos e gasterópodos para as subzonas Praias de Cee (CM- 078) e Corcubión (CM-145).

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª**:

-Pode confirmar a Consellería de Medio Ambiente o alcance do vertido e a súa procedencia?

-Que protocolo se activou para facer fronte a dito episodio de contaminación?

-Como afectou o vertido á actividade marisqueira da zona de explotación incluída no Plan PE403A 2015/60-1 que ten lugar dentro da ría?

-Que medidas ten pensado adoptar para poñer cabo á recorrencia deste tipo de vertidos na ría de Corcubión?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 17:17
Nº Rexistro: 2665
Data envío: 27/12/2016 17:17:14.883

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/12/2016 17:04:00

Ana Pontón Mondelo na data 27/12/2016 17:04:07

Olalla Rodil Fernández na data 27/12/2016 17:04:11

María Montserrat Prado Cores na data 27/12/2016 17:04:16

Noa Presas Bergantiños na data 27/12/2016 17:04:21

Xosé Luis Bará Torres na data 27/12/2016 17:04:25

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 02.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 2682(10/POC-000354)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre os departamentos autonómicos que formaron parte da comisión encargada da revisión do Plan Camgal, as novidades incorporadas ao proceso de actualización e as medidas de prevención e actuación ante un episodio de contaminación mariña accidental

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Daniel Vega Pérez, Aurelio Nuñez Centeno, María Ángeles García Míguez, Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión**.

As medidas de prevención e preparación fronte aos riscos derivados do tráfico marítimo e das actividades industriais costeiras son claves para minimizar os impactos que poden producirse tras un episodio de contaminación mariña.

Para dar resposta a estas eventualidades o Goberno galego deseñou e puxo en marcha o Plan territorial por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan CAMGAL) que cumpre catro anos en vigor.

Co desenvolvemento do Plan CAMGAL por primeira vez na nosa Comunidade se abordaban estas posibles situacións de maneira conxunta e coordinada independentemente da orixe terrestre ou mariña da vertedura, ou da natureza do axente contaminante.

Na pasada lexislatura, distintos departamentos autonómicos traballaron na actualización deste Plan para incorporar as novidades lexislativas e tecnolóxicas que foron aparecendo no eido da contaminación mariña accidental dende a súa posta en marcha no ano 2012.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas Oraís en Comisión:

1.-) ¿Que departamentos autonómicos formaron parte da comisión encargada de revisión deste Plan CAMGAL?



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2016 11:34
Nº Rexistro: 2682
Data envío: 28/12/2016 11:34:44.673

2.-) ¿Cales son as principais novidades que se incorporaron no proceso de actualización do Plan CAMGAL?

3.-) ¿Que outras ferramentas implementáronse para dar apoio á loita contra a contaminación mariña accidental?

4.-) ¿Que previsións existen en relación coa participación e coordinación cos concellos litorais na resposta a este tipo de episodios contaminantes?

Santiago de Compostela 28 decembro de 2.016

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 28/12/2016 11:18:18

Teresa Egerique Mosquera na data 28/12/2016 11:19:23

Alberto Pazos Couñago na data 28/12/2016 11:19:47

Daniel Vega Pérez na data 28/12/2016 11:19:59

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/12/2016 11:20:17

María Ángeles García Míguez na data 28/12/2016 11:20:28

Marta Rodríguez Arias na data 28/12/2016 11:20:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 02.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 2810(10/POC-000411)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para facilitar a navegación na entrada e saída dos peiraos e mellorar a seguridade das embarcacións e dos seus tripulantes

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Carlos Enrique López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Daniel Vega Pérez, Aurelio Nuñez Centeno e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A bo funcionamento e correcto estado de mantemento das sinais de balizamento marítimo garante as condicións de seguridade para a navegación das embarcacións que acceden aos portos galegos

So en Galicia hai case 400 sinais de balizamento en terra e na contorna dos peiraos de titularidade autonómica, a maioría delas boias empregadas para delimitar as bocanas de acceso aos portos.

O Goberno galego, a través da Consellería do Mar e do ente público Portos de Galicia, vén desenvolvendo diversas operacións de revisión e reparación destas instalacións e sinais.

A administración autonómica desenvolve un grande esforzo para facilitar a navegación na entrada e saída dos peiraos e mellorar a seguridade das embarcacións e dos seus tripulantes.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cantas sinais de balizamento foron revisadas e reparadas no que levamos de ano?
- 2.- En que consistiron as reparacións efectuadas?
- 3.- En que portos estaban instaladas as sinais de balizamento?
- 4.- Que previsións manexa a Consellería do Mar para seguir desenvolvendo estes traballos de revisión e reparación das sinais de balizamento nos portos galegos?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2810
Data envío: 30/12/2016 14:34:34.7**

Santiago de Compostela 30 de decembro 2016.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 30/12/2016 14:11:10

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2016 14:11:23

Alberto Pazos Couñago na data 30/12/2016 14:11:49

Daniel Vega Pérez na data 30/12/2016 14:12:14

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/12/2016 14:12:32

Marta Rodriguez Arias na data 30/12/2016 14:12:45

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 02.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 3079(10/POC-000494)

Grupo Parlamentario de En Marea

Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a relación de zonas C que vai recuperar o Goberno galego para o marisqueo, o calendario que está a valorar para ese fin e o estado de elaboración no que se atopan os estudos e informes necesarios

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Juan José Merlo Lorenzo, deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a.

As denominadas zonas C para marisqueo avanza desde a última década por moitos factores, prexudicando moitas zonas de gran interese para o sector en moitas das nosas rías.

Ademais, os peches das rías, cada vez máis frecuentes e prolongados, en parte polo exceso de nutrientes vertidos pola ineficacia das EDAR, supoñen unha ameaza real ao sector da pesca e marisqueo e á subsistencia de moitas das persoas que dependen do sector directa e indirectamente.

Recentemente, o goberno da Xunta anunciou a súa aposta pola recuperación destas zonas e bancos marisqueiros, dado que o problema de verteduras e lodos existentes imposibilitan unha recuperación da gran maioría das zonas de interese afectadas a día de hoxe.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta oral en Comisión:

-Que zonas son as que se van recuperar, que calendario se manexa e en que estado están os estudos e informes necesarios para a recuperación das mesmas?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:52
Nº Rexistro: 3079
Data envío: 09/01/2017 13:52:55.533

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 09/01/2017 13:52:20

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 02.02.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 3213(10/POC-000527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre os datos referidos aos cursos de formación para a obtención do permex realizados na Costa da Morte nos anos 2015 e 2016, así como os previstos para o ano 2017

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

Os plans de formación para os traballadores e traballadoras do mar constitúen un elemento fundamental para o avance e mellora dun sector prioritario en Galicia pola súa relevancia social e económica. Dentro destes plans, os cursos de formación para a obtención do PERMEX son unha ferramenta que, máis alá do plano formativo, contribúe a regular e normar a profesión, a controlar os procesos e evolución medioambiental e de recursos, mellorar a calidade do traballo e contribuír á dinamización laboral baseada no sector do mar, en concreto ao marisqueiro.

A Costa da Morte é unha zona na que o impacto social e económico do sector marisqueiro é fundamental, sendo un dos motores económicos da bisbarra e sustento fundamental de moitas familias. Por iso o desenvolvemento de accións formativas para a obtención do PERMEX supón unha decisión con forte interese no sector. Como é natural a planificación e convocatoria dos cursos, así como o seu desenvolvemento, é necesario que sexa realizada con claridade e atendendo ás necesidades establecidas.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantos e cales cursos de formación para a obtención do PERMEX se realizaron na Costa da Morte nos anos 2015 e 2016?
- 2.^a) Considera a Consellería do Mar que son suficientes?
- 3.^a) Que previsión de realización de novos cursos hai para o ano 2017?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:02
Nº Rexistro: 3213
Data envío: 12/01/2017 13:02:02.109



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4.^a) Cales foron os mecanismos de publicidade e anuncio para os cursos de 2015 e 2016 realizados?

5.^a) Cantas prazas foron ofertadas para cada un deles? cantas desas prazas se cubriron? cantos solicitantes quedaron fora da aceptación para a realización do curso, se foi o caso?

6.^a) Cales foron os criterios para a selección de participantes?

7.^a) Onde se realizaron os cursos sinalados de 2015 e 2016 e onde está previsto realizar os de 2017?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2017 12:59:58

María Dolores Toja Suárez na data 12/01/2017 13:00:04